



INFORMACIÓN PARA CUBRIR O DOCUMENTO DE ADMISIÓN DE ALUMNADO EN CENTROS DOCENTES SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS

- (1) A solicitude de posto escolar será única e presentarase no centro no que a/o solicitante pretende ser admitida/o.
- (2) A solicitude deberá ser asinada pola nai, pai ou representantes legais do alumnado. No caso de separación ou divorcio, os dous proxenitores ou titores asinarán a presente solicitude, agás que aquel que formalice a instancia teña atribuída a patria potestade con carácter exclusivo mediante resolución xudicial, que se presentará coa solicitude para o seu cotexo polo centro educativo.
- (3) A/O solicitante poderá demandar que se teña en conta o domicilio familiar ou o lugar de traballo e non serán acumulables as puntuacións polos dous criterios.
- (4) Só no caso dos centros que ofrezan este servizo.
- (5) Achegárase, se fose o caso, a documentación que acredite as circunstancias que fundamentan esta petición, derivada de discapacidade física, psíquica ou sensorial, de sobredotación intelectual ou de trastornos graves da conduta. No caso de alegar situación desfavorecida como consecuencia de factores sociais, económicos ou culturais achegarán informe dos servizos sociais oficiais competentes que acrediten as circunstancias alegadas.
- (6) Indicar se se trata de educación infantil, educación primaria, ESO ou bacharelato.
- (7) Para a consideración de irmáns matriculados no centro, só se terán en conta os que vaian continuar escolarizados neste durante o curso escolar para o que se solicita a admisión.
- (8) Para a consideración do criterio de nai, pai ou titores que traballen no centro, teranse en conta aqueles que no prazo de solicitude de admisión teñan unha relación laboral ou funcional no dito centro e que se prevea que esta non vaia rematar no curso escolar para o que se solicita a admisión.
- (9) Considérase como domicilio familiar o habitual de residencia da nai, pai ou titores do alumnado ou, se é o caso, o das alumnas e alumnos maiores de idade ou menores emancipados se viven en domicilios distintos dos daqueles e, excepcionalmente, o daqueles familiares cos que o menor efectivamente conviva. As alumnas e alumnos maiores de idade ou menores emancipados poderán optar, se é o caso, por que se considere o domicilio do seu lugar de traballo.
- (10) Para a valoración da renda da unidade familiar, os interesados deberán facer constar na solicitude a cantidade correspondente á base impositiva no caso de declaración conxunta ou á base impositiva de cada un dos declarantes da unidade familiar no caso de declaración individual, correspondente ao exercicio fiscal anterior en dous anos ao ano natural en que se presenta a solicitude. A tal efecto, constará a cantidade que resulta da suma das casañas 455 (base impositiva xeral) e 465 (base impositiva do aforro) da/s correspondente/s declaración/s do imposto sobre a renda das persoas físicas.
- (11) A valoración deste criterio ten unha puntuación máxima de 4 puntos.
- (12) O alumnado que curse simultaneamente ensinanzas regradas de música ou danza e ensinanzas de educación secundaria terá prioridade para ser admitido nos centros que impartan ensinanzas de educación secundaria que determinen as persoas titulares das xefaturas territoriais da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. O mesmo tratamento aplicaráselle ao alumnado que siga programas deportivos de alto rendemento.
- (13) Táboa de valoracións:

Existencia de irmás ou irmáns no centro	
Por unha irmá/n matriculado no centro	8 puntos
Polo segunda e seguintes irmás ou irmáns matriculados no centro	2 puntos por cada un
Por ser traballador/a do propio centro	
	3 puntos
1) Por proximidade do domicilio familiar ao centro	
Se o domicilio familiar se atopa na área de influencia do centro	6 puntos
Se o domicilio familiar se atopa nas áreas limítrofes á área de influencia do centro	3 puntos
Se o domicilio familiar se atopa noutras áreas	0 puntos
2) Pola proximidade do lugar de traballo ao centro	
Lugar de traballo da nai, pai ou titores, situado dentro da área de influencia do centro	4 puntos
Lugar de traballo da nai, pai ou titores, situado nas áreas limítrofes á área de influencia do centro	2 puntos
Lugar de traballo da nai, pai ou titores, situado noutras áreas	0 puntos
Por condición de familia numerosa	
Por familia numerosa de categoría especial	3 puntos
Por familia numerosa de categoría xeral	2 puntos
Por condición de familia monoparental	
	2 puntos
Por renda per cápita da unidade familiar (valorada por referencia ao indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM))	
Ingresos inferiores a 0,5 veces o IPREM	3 puntos
Ingresos iguais ou superiores a 0,5 e inferiores a 0,75 veces o IPREM	2 puntos
Ingresos iguais ou superiores ao 0,75 veces o IPREM	1 punto
Ingresos iguais ou superiores ao IPREM	0 puntos
Por discapacidade	
Da alumna ou alumno	4 puntos
Dalgún dos proxenitores ou titores	3 puntos
Dalgunha das irmás ou irmáns da alumna ou alumno	1 punto por cada un
Valoración do expediente académico para o acceso ao bacharelato	
Nota media de sobresaliente	2 puntos
Nota media de notable	1 punto
Nota media de ben	0,50 puntos
3) Por criterios complementarios consistentes noutras circunstancias relevantes apreciadas xustificadamente polo órgano competente do centro, se é o caso.	
	1 punto

ADVERTENCIAS LEGAIS

- En cumprimento do establecido nos artigos 5, 15 e 16 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase as persoas interesadas do que segue:
 - A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria poderá gravar e procesar parte ou a totalidade da información aquí achegada mediante os sistemas e procesos informáticos que estime oportunos, coa única finalidade de resolver a admisión de alumnas/os en centros docentes sostidos con fondos públicos.
 - Poderán exercer o seu dereito de acceso, rectificación e cancelación no momento que o estimen oportuno, mediante escrito dirixido á dirección ou titular do centro no que se formalizou a instancia de admisión da praza.
- En virtude do establecido no artigo 10 da Lei orgánica 15/1999, cantas persoas interveñan en calquera das fases do proceso de admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos están obrigadas ao segredo profesional respecto deste, obrigación que subsistirá aínda despois de finalizado o proceso.
- As interesadas e interesados autorizan a cesión de cantos datos se solicitan nesta instancia, así como da documentación achegada, ao Consello Escolar do centro e, se é o caso, á Xefatura Territorial correspondente, para os efectos previstos no capítulo III, do Decreto 254/2012, do 13 de decembro, polo que se regula a admisión do alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas de 2º ciclo da educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, de acordo co recollido no artigo 11 da Lei orgánica 15/1999.
- De conformidade co artigo 34 da presente orde de admisión, dará lugar á perda do dereito de prioridade:
 - A solicitude presentada fóra de prazo.
 - A presentación de máis dunha solicitude; así como a presentación dunha solicitude de admisión estando vinculado por reserva.
 - As solicitudes que presenten datos que non se axusten a circunstancias reais do alumnado.
 - As solicitudes acompañadas por documentación que reflicta datos que non se axusten a circunstancias reais.

OBSERVACIÓNS:

1) Por proximidade do domicilio familiar ao centro

- **Área de influencia do centro:** concello de SANXENXO.
- **Áreas limítrofes á área de influencia do centro:** concellos de MEAÑO, O GROVE, POIO E MEIS.

2) Por proximidade do lugar de traballo ao centro

- **Área de influencia do centro:** concello de SANXENXO.
- **Áreas limítrofes á área de influencia do centro:** concellos de MEAÑO, O GROVE, POIO E MEIS.

NOTA: As puntuacións dos apartados 1) e 2) non son acumulables.

3) Por criterios complementarios consistentes noutras circunstancias relevantes apreciadas xustificadamente pola Xunta Directiva do Centro.

- **Para os alumnos que soliciten praza para 4º de Educación Infantil (3 anos):** Un punto por estar matriculado no curso escolar 2017/2018 na Escola Infantil ABRENTE.
- **Para os alumnos de 5º e 6º de Educación Infantil (4 e 5 anos respectivamente), Educación Primaria e E.S.O.:** Un punto por ser fillo/a de ex-alumnos do Colexio Abrente.